

PEZA DO MES

setembro

2005



ARA
SAN PEDRO DE ROCAS



ARA COS DETERIOROS

ARA


Consérvase no Museo unha peza singular, un piar prismático de pedra de grao, coas dimensións de 43 cm de fronte, 41 cm de fondo e 77 cm de altura, procedente de San Pedro de Rocas. Ingresou hai dúas décadas por depósito da Excm. Deputación Provincial co fin de garantir a súa conservación, logo de diversas actuacións vandálicas, que incluíron a aplicación de pintura –da que aínda fican restos logo da limpeza realizada–, golpes con rotura dalgúns esquinas, etc., que fixeron necesario un tratamento no momento do seu ingreso, que incluíu o seu desalgado, limpeza xeral e protección. É unha mostra representativa dos altares do primeiro momento do cristianismo en Galicia.

A súa forma, un bloque prismático, constitúe a forma máis antiga do altar cristián, dos que hai un exemplar do meirande interese na igrexa de San Torcado en Santa Comba de Bande, este marmóreo, e outros semellantes, tamén de pedra de grao, en Santa María de Mixós ou o máis próximo de Ambía, derivando claramente das aras romanas –todos estes exemplos máis próximos formalmente que a ara de Rocas, pois son recoñecibles os elementos estruturais diferenciados propios das aras romanas canónicas, elementos que no caso de Rocas no

aparecen definidos–, como expresión dunha continuidade e pervivencia formal, que ten a súa mostra na reutilización de aras romanas como bases de altar, coa transformación que supón o baleirado para as Caixas de reliquias na parte superior, no lugar onde iría o focolus, como se aprecia nalgúns aras romanas reaproveitadas –o exemplo de de San Mamede de Urrós é ben claro– e como tamén se aprecia no rebaixe existente neste peza

O altar está decorado nas súas catro caras por un dobre arco de ferradura, apeado sobre columniñas sogueadas. Os arquiños aparecen dobrados por motivos incisos e na enxuta un motivo triangular. Un motivo de cordón dobre remata a parte baixa da peza en todo o seu contorno. Nunha das súas caras presenta un nexo epigráfico, feito por incisión e de difícil lectura e interpretación, que pode vencellarse con Christus, nun a xeito de crismón con moitas peculiaridades.

Coidamos que a primeira mención desta peza é unha sinxela referencia que aparece no manuscrito de Fr. Benito de la Cueva titulado “Historia de los monasterios y prioratos anejos a Celanova”, escrito cara á metade do século XVII, xa que o seu autor morre no priorado de Rocas en 1649, e onde dá conta das exploracións que realizou no seu interior e que inclúe a localización da inscrición fundacional como parte da cuberta do sepulcro da nave de epístola, e que remata describindo o altar: “Prosiguiendo en buscar aquella mesma nave llegué al altarito que solía estar en aquella capilla colateral que, como digo, es la del lado de la epístola y haciendo levantar una gran piedra que solía servir de altar quando en el se deçia missa, la qual estaba sobre **una columna y muy bien labrada a pico**, hallamos questava hueca y, metiendo la mano, después de quitada la piedra grande que la cubría, encontré una caja de corcho dentro de la qual estaba otra de madera y dentro della dos caxillas, cada una de quatro dedos, poco más o menos, de anco y largo, la una de las quales en tocándola se hiço polvo, anssi ella como todo lo que tenía dentro, que heran reliquias desantos, que por ser, al parecer, de madera de castaño passo la humedad y entró en ella la corrupción. La otra caxilla estaba entera, y dentro llena de reliquias y por fuera puestos sus letreros que declaravan cuyas era, pero con la grande humedad, aunque por entonces no se leyeron, las saque de aquella y, puestas en un tafetán, se echavan de ver que eran reliquias de santos, por estar cada una divididas e apartadas y envueltas en una como tela parda



A ARA ANTES DO SEU TRASLADO AO MUSEO

y en sus pañitos de color azul, berde, colorado y morado”.

A descrición non fai a penas mérito da base de altar, que é a nosa peza do mes, senón que insiste no tema de meirande relevancia litúrxica e relixiosa, as lipsotecas ou caixas das reliquias, evidentemente de importancia e que, magoa, non se conservaban ben nin foi posible conservalas, aínda que coñecemos outros casos en que si se identificaron e responden ao mesmo esquema e tipoloxía.

A súa ornamentación, calificada por algúns como mozárabe, podémola relacionar con un dos elementos máis reveladores da arquitectura prerrománica na provincia: o arco de ferradura, manifestado en numerosas fiestras xeminadas procedentes de edificios de este período ou restaurados nese momento. Pero compre resaltar que o tema dos arcos de ferradura e os sogueados é frecuente en numerosas estelas romanas del Noroeste Peninsular, polo que o peso da tradición non debe descartarse e, por riba, está o feito da presenza no mesmo lugar da lápida fundacional, do ano 573, cos mesmos temas e, establecida a relación, cabe pensar que sexan coetáneas ámbalas dúas pezas.

Así, atendendo a súa semellanza formal, tanto a ara como a lápida fundacional, corresponderían a un momento cronolóxico común, o momento máis antigo do mosteiro de Rocas, lugar expresivo da organización da vida cristiá do século VI na Ribeira Sacra, baixo o influxo da Valerio del Bierzo, Fructuoso o Martín de Braga, no que o elemento de máis peso na datación será a mención da Era

que aparece na lápida: Era 611 (ano de Cristo 573).

Pero as características formais da peza, independentemente da súa valoración (“toscas mesa de altar” segundo Ripollés no seu informe a Academia en 1923; “hermoso y pequeño pilar central de altar” di J. Fontaine en 1978), e os datos históricos referidos nun documento de Alfonso V, que fan referencia a unha refundación do mosteiro no reinado de Alfonso III, que se acomoda pola súa cronoloxía mellor coa forma aparente das decoracións das pezas, serviron de base para articular unha proposta diferente, a que fai Gómez Moreno: “de estilo asturiano impregnado de mozarabismo”, forzando a interpretación do texto da lápida para situala na Era 1111 (ano 1073) o que non acepta ningún outro autor. Rivas Fernández (1971), aínda subliñando os paralelismo mozárabes ou asturianos da peza, remata por inclinarse pola cronoloxía acorde coa lápida, como fai tamén Duro Peña (1972), e tamén da mesma época visigótica a considera Núñez Rodríguez (1978), e na mesma liña Barriocanal(1991) mentres que Fontaine(1978), considera o altar mozárabe e na mesma liña segue Yzquierdo Perrín (1993) e máis recentemente Freire Camaniel(1998).

O problema de enlazar a data da inscrición (ano 573) coa data que mellor cadraba estilisticamente aos motivos da súa decoración e a do altar (ss.IX-X) tentouse salvar considerando a inscrición como copia circia doutra anterior pero feita tres séculos despois (así o di o informe de Ybarra na proposta de declaración de monumento en 1922, e no mesmo sentido despois insiste Monteagudo) e mesmo se propuxo tamén a posibilidade de que fosen pezas doutra procedencia que se incorporaran nalgún momento, antes do século XVII, ao conxunto, xa que se considera que non teñen sentido funcional unhas pezas móbiles nun espacio tallado directamente na rocha e da que non se coñece o lugar que ocuparía (Freire Camaniel, 1998). Sen embargo, como di Duro Peña non hai razón para dudar da falsidade da lápida nin da súa inscrición e son só motivos formais e estilísticos os que parecen cuestionar a cronoloxía común de inscrición e altar, ofrecendo os relatos tradicionais sobre a historia do cenobio de San Pedro de Rocas referencias que poden servir para apoiar as distintas interpretacións. Xa que logo, parece máis razoable considerar os dous monumentos da mesma época e dar validez á data que figura nunha das propias testemuñas, a lápida fundacional, da que un estudio detallado está pendente e que podería dar novos argumentos ao debate.



O XARDÍN E O EDIFICIO ANTES DA REFORMA DE 1960



PATIO DIANTEIRO TRALA REFORMA DE 1960



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódalas testemuñas do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ao público o ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións creceron considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar aos primeiros traslados, que por sucesivas desgrazas non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ao que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Exposición ao público temporalmente pechada, por obras de reforma e acondicionamento.

Ubicación provisional dos servizos en rúa Xilgaros s/n.
32002- Ourense

Visite a nosa páxina.

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/mapo>

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico.

TEXTO: Francisco Fariña Busto

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG-97-2004

Museo Arqueolóxico 



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO